

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E DE HONRA CELEBRADA O DÍA 22/02/2020 (<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- ENTREGA DA MEDALLA DA CIDADE, NA CATEGORÍA DE MEDALLA DE OURO, Á EMPRESA ARRENDAMIENTOS GRUPO DE EMPRESAS REY SL (FUNDICIONES REY).

Dáse lectura ao acordo plenario de data 26 de decembro, do seguinte teor:

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA MEDALLA DA CIDADE, NA CATEGORÍA DE MEDALLA DE OURO, Á EMPRESA ARRENDAMIENTOS GRUPO DE EMPRESAS REY SL (FUNDICIONES REY).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 22 de novembro de 2019, así como da Proposta da Instrutora do do expediente, do seguinte teor:

Asunto: concesión da medalla da cidade, na categoría de medalla de ouro, á empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L. (Fundiciones Rey)

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 12:00horas do día 22/02/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria e de Honra convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Entrega da Medalla da Cidade, na categoría de Medalla de Ouro, á Empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SLI (Fundiciones Rey)

Xuíza instructora: Dona Alba Briones Gamarra

Co fin de dar cumprimento á resolución de alcaldía do 21 de novembro de 2019, inicio o expediente para concesión da medalla da cidade, na categoría de medalla de ouro á empresa “Fundiciones Rey”, no que se detallan os méritos e motivos a tal fin.

Exposición de méritos e motivos

A empresa vilagarcía Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L., coñecida socialmente como “Fundiciones Rey”, ten á súa orixe e fundación en 1944, conmemorándose no presente ano o seu 75 aniversario.

O promotor da nova empresa de función que albergaría Vilagarcía foi Ramón Rey Goldar. Traballador da desaparecida fábrica de Alemparte, deixou esta fundición para constituír o seu propio taller, tendo o súa primeira localización na actual rúa Ramón Cabanillas (Ver anexo 1).

En orixe a empresa denominouse Fundiciones San Roque –clara referencia a toponimia da zona onde se situaba o taller-, orientada á fabricación de pezas de pequena escala. Nestes momentos, a empresa contaba con seis traballadores e contaba cunha capacidade de produción do forno que alcanzan os 400kg/h.

Co paso do tempo, a empresa vai consolidándose –non sen sobresaltos- e ampliando a variedade de produtos realizados. Así ata que en 1960, comezan os trámites para trasladar as instalacións a unha nova localización: A Caneda (Ver anexo 2). É preciso destacar as características históricas que reúne este barrio: de norte a sur temos a primeira fábrica da se ten constancia en Vilagarcía, datada a finais do século XVIII, nos terreos do pazo de Artime; a continuación, unha das empresas máis recoñecidas da cidade, como foi a antiga Lantero, hoxe DS Smith; e, a finalmente, a hoxe denominada “Fundiciones Rey”.

Conseguida a licencia no ano 1964, estableceuse un taller con dúas naves diferencias e especializadas. Deste xeito, na nave leste situábase a fundición, mentres que a do oeste acollía o mecanizado das pezas que saíran da fundición. Coa ampliación conseguiron aumentar a produción, acadando os 1.000 kg/h e ampliando tamén a capacidade para producir pezas, alcanzando o peso máximo os 500kg.

Tras o falecemento de Ramón Rey Goldar en 1966, serán os seus descendentes quen continúen á fronte da empresa. Aínda que existe unha mención a “Fundiciones Rey” en El Pueblo Gallego en 1972, o certo é que o cambio de denominación da empresa darase no ano 1976, como así se recolle na publicación que se emprega para este estudo e que analiza a historia da empresa, titulada “Fundiciones Rey 1944-2019. 75 aniversario”.

O terceiro momento da fundición prodúcese co traslado á actual localización en Ande, Rubiáns. Proxectada desde finais dos anos 70 do pasado século non se materializará ata unha década máis tarde. As novas instalacións permitiránlle á fundición dar un paulatino salto na capacidade de produción, podendo realizar na actualidade pezas de ata 8.000kg.

Paralelamente, compre salientar a especial vinculación que mantivo a fundición co mundo do arte, participando na creación física de distintas e diversas obras de artistas galegos contemporáneos, como Francisco Leiro, Leopoldo Nóvoa ou Manolo Paz, entre outros. Unha creación, partindo da configuración que autor idea, que se materializa nas naves de Fundiciones Rey e que lle proporciona ao espazo no que se localiza a obra un carácter propio e característico, convertendo ao espazo en recoñecible, icónico (ver anexo 3).

No mesmo sentido, a participación de Fundiciones Rey no ornamento das cidades, a través do mobiliario urbano, é destacado, como o caso da cidade da Coruña, resultando dificultoso non atoparse polas súas rúas con algunha peza que non fose fundida nos seus talleres. Faroís, fontes, tapas, bolardos, enreixados, bancos e ata o palco da música saíron da nosa cidade(ver anexo 4) .

Consideracións finais

Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L., Fundiciones Rey, e unha empresa que herdou e mantén a tradición da siderurxia da que a nosa cidade foi un foco importante na Galicia de finais do século XIX e primeiro terzo do XX -coa presenza de Fundiciones de hierro del Carril, Fundiciones San Jaime, Alemparte ou a Atlántica, entre outras-, significando unha puxanza industrial destacada, e á que Fundiciones Rey continúa aportando e formando parte da historia industrial de Vilagarcía.

A historia da fundición ten unha mención especial, a arte. Fundiciones Rey posúe un valor engadido, extraordinario e diferencial: a súa relación e participación no proceso de materialización do pensamento e proxectos creativos de artistas galegos distinguidos e internacionalmente coñecidos, como Leopoldo Nóvoa, César Lombera, Manolo Chazo ou Francisco Leiro, cuxa arte puidemos desfrutar na nosa cidade recentemente coa exposición “Fundiciones Rey, 75 anos de traballo e sensibilidade” que recollía pezas do fondo da galería da empresa. Ademais, contribuíu ao embelecemento de importantes cidades, a través do deseño do seu mobiliario urbano, como o caso xa mencionado da Coruña.

Por outra banda, o compromiso de Fundiciones Rey e a súa relación co medio xeográfico que a veu nacer, Vilagarcía de Arousa, é notorio, mantendo a súa produción e industria na mesma cidade e, sobre todo, tendo en conta o panorama económico internacional, tendente á concentración da actividade sectorial nas grandes firmas. Sirvan de exemplos os seus 5.500 metros cadrados que alcanzan as súas instalacións, un volume de traballo que chega ás 4.600 toneladas/ano e a media centena de traballadores que ten a industria. É, polo tanto, un exemplo de fortaleza e resistencia dunha das empresas de maior arraigo e antigüidade da nosa cidade.

É o éxito dunha empresa, fundamentado no tesón e traballo diario dunha familia que converteu un apelido –Rey- nunha industria de referencia. Unha fundición que pasou por momentos económicos distintos, tres localizacións, catro xeracións e os 75 anos de existencia que cumpren neste 2019 dan boa conta diso.

Porén, polo seu contrastado e demostrado compromiso cultural, familiar e a contribución e referencia desta á historia, arte, industria e economía da nosa cidade, en recoñecemento dos seus 75 anos de existencia, ao abeiro do establecido no Regulamento de Honras e Distincións do noso Concello, nos títulos primeiro e segundo, propoño:

- Outorgar a Fundiciones Rey a máxima distinción da cidade, concedéndolle a Medalla de Ouro.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente outorgar a Fundiciones Rey a máxima distinción da Cidade, concedéndolle a Medalla de Ouro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:Outorgar á Empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL (Fundiciones Rey) a máxima distinción da Cidade, concedéndolle a Medalla da Cidade, na súa categoría de Medalla de Ouro.

A seguir intervén o Sr. Alcalde dicindo:

"Familia Rey, traballadores da fundición, Alcalde de Cuntis, ex alcaldes de Vilagarcía, representantes de institucións e entidades, compañeiros e compañeiras de Corporación.

Dicía Cicerón que non saber o que ten sucedido antes de nós é como seguir sempre sendo rapaces..

Non serei eu quen contradiga ao vello mestre. Todos sabemos por que estamos aquí, así que, se me permitides, máis que referirme ao texto vouno facer ao contexto, que é, na miña opinión, o que ten verdadeiro valor nesta máis que merecida homenaxe a Fundiciones Rey. Unha empresa e unha familia que, como uns veciños mais, contribuíron e seguen contribuíndo a facer unha Vilagarcía cada día mellor. A Vilagarcía que todos queremos.

A última vez que fale con Elías Rey, o neto, estaba en Dinamarca, pechando un novo pedido de pezas feitas en Rubiáns. Como case sempre ultimamente, falamos da necesidade de que a empresa poida trasladarse ao Pousadoiro, porque precisa seguir medrando. Se Ramón Rey, o avó, soubera a onde ten chegado a súa idea, seguro que estaría máis que orgulloso. Pero é que as ciencias, que dirían don Hilarión, adiantan que é unha barbaridade, e hoxe é máis certo que nunca que se pode - e se debe - actuar localmente pensando globalmente.

Claro que... non sempre foi así. Cando Ramón Rey comezou, bastante tiña con pensar a secas. A Vilagarcía de 1944 non era, certamente, a de agora. Unha Vilagarcía que apenas tiña 20.000 habitantes, na que a empresa Sabas anunciaba "servizos combinados de vapores" cara a outra banda da ría, mentres aquí un tal Agustín Pereira ofrecía un máis modesto "transporte de mercadorías en xeral". Unha Vilagarcía onde os almacéns de Simeón competían cos de bobo e a exquisita paquetería de Balbino Costa. Unha Vilagarcía na que o Bar Xesteira servía os mellores viños do Ribeiro - como sona- e Alvariño - con uve-; unha vila na que, apenas cinco anos despois de rematada a Guerra Civil, acababa de abrir o modernísimo café-bar "Nueva España" , onde servían xelados e café express, e na que os santiagueses viñan en masa a celebrar o Día de Compostela na praia do seu nome.

Pero unha Vilagarcía, tamén, na que a auga corrente non chegaba a tódalas casas e na que os romeiros de Santa Rita competían en número cos camaradas de toda Galicia que cada ano acudían en peregrinación coas súas camisas azuis, vellas ou novas, ás ruínas do Teatro Villagarcía para conmemorar o aniversario da Falanxe.

Unha Vilagarcía, igualmente, na que un antecesor meu na Alcaldía, Juan Gil, víase na obriga de publicar edictos lembrando a necesidade de que os agricultores das parroquias entregaran "sen

escusa nin pretexto" o seu cupo de "maiz" forzoso, se querían recibir a cambio as súas cartillas de racionamento.

Polo mundo adiante, certo é, a cousa non ía moito mellor. Mentres Ramón Rey se debatía entre seguir en Alemparte ou instalarse pola súa conta, en España de restrinxía o consumo de electricidade: o propio Ramón chegaría a fundir de noite, precisamente porque a que había polo día non chegaba. Ao tempo, a ONU estaba a punto de botarnos da organización, e nas praias de Normandía desembarcaban os aliados...

Pois ben, é neste contexto no que un home de Bamio de 41 anos, con catro fillos que alimentar, decide poñer en pé un pequeno taller de fundición na Rúa San Roque. Coñecendo o contexto, hai que poñerse no seu lugar e na súa pel para comprender e valorar aínda máis a valentía e a transcendencia da súa fazaña. Tamén da súa muller, Carmen Bóveda, que un día si e outro tamén, leváballe o almorzo dende Bamio a San Roque, e non ía en coche, senón a pé, co agravante de que non había whatsapp para avisar se chegaba tarde.

Os que tivestes a oportunidade de ler ou ollar o magnifico libro editado con motivo do 75 aniversario da empresa sabedes como continuou a historia. Pero se quixen determe nas orixes e no contexto do nacemento da empresa é, precisamente para recalcar os motivos polos que este acto se celebra: Fundiciones Rey é todo un exemplo de historia, de vida e de emprendemento, e iso merece ser recoñecido publicamente.

Díxeno na inauguración da exposición do verán e quero repetilo agora: o tesón, a constancia, a humildade, o crer no que un fai, o afrontar novos retos sen complexos, o saber adaptarse en cada momento ás circunstancias do mercado.... son os valores que explican o éxito - evidente - desta empresa, pero tamén desta familia.

Non é doado atopar moitas compañías que consigan manter ese carácter familiar e chegar ata a cuarta xeración. Loxicamente, nun proxecto vital e empresarial como o que iniciou Ramón Rey, a sorte inflúe, pero se non se teñen as ideas claras, se non se dedica tanta constancia como traballo, se se perde de vista de onde vimos as posibilidades de éxito diminúen.

Fundiciones Rey, como Vilagarcía mesma, veu pasar a época da fame e da represión, as crises económicas, a transformación da ditadura en democracia. De non ter con que vir dende Bamio, a ver ao home chegar á lúa. Daqueles tempos nos que había que coller a area na praia de Compostela para facer o crisol, a estes nos que participa en proxectos I + D + I para facer unha fundición cada día máis grande e mellor.

Precisamente porque Fundiciones Rey é un exemplo para todos os que amamos a esta vila e a este país, a Corporación Municipal decidiu outorgarlle a máxima distinción que temos, a Medalla de Ouro da Cidade. Como recoñecemento ao que comezaron un feliz día Ramón Rey e Carmen Bóveda, logo continuaron Olimpio, Elías, Luis e Secundino, e mais tarde Luis, Trini, Elías, Andrés e Ángeles, e agora, empurrando xa, un novo Luís, de cuarta xeración. A todos, no nome de Vilagarcía de Arousa, moitas grazas.

Oxalá este tan sinxelo coma merecido recoñecemento vos sirva de estímulo para continuar adiante, sen perder nunca de vista aos avós Ramón e Carmen, e polo tanto tamén o sabio consello de Cicerón.

Dentro de 25 anos cumpriredes o primeiro centenario, así que haberá que celebralo como se merece. É moi probable que para entón eu xa non sexa Alcalde, pero xa vos advirto que penso asistir igual e, ademais, pasar lista.

E con isto remato: dentro das nosas posibilidades e competencias, para os vosos proxectos de expansión sabedes que contades con nós. Do mesmo xeito que para o deseño da Vilagarcía do Futuro, nos queremos contar, e contamos con vós.

Moitas grazas.

A continuación un representante da Empresa se dirixe ao Alcalde, Corporación e público asistente para agradecer a concesión da Medalla de Ouro a Fundiciones Rey.

Finalmente procédese á sinatura por parte doutro representante da Empresa Fundiciones Rey no Libro de Ouro da Cidade.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.